

CIRCULAR Nº: 01/2026

Centro de Ensino Atletismo Galego (CEAGA)

CICLO INICIAL – TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO

A Xunta Directiva da FGA aprobou a seguinte convocatoria da **TITULACIÓN OFICIAL DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO DE GRAO MEDIO** (Ensinanza deportiva oficial de réxime especial, nivel de grao medio de Formación Profesional) **DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA** (válido para toda España).

1. ORGANIZACIÓN

O Centro de Ensino Atletismo Galego, autorizado pola Xunta de Galicia, convoca o **ciclo inicial** do curso de **Técnico Deportivo en Atletismo para o curso 2026/2027**.

1.1. Condicións para a realización do curso:

O número final de alumnos/as non poderá ser inferior a vinte, nin superior a trinta e cinco, despois de superar as probas específicas de acceso. Cando o número de solicitudes exceda a cifra de trinta e cinco, o Centro de Ensinanzas Deportivas (CAD) Atletismo Galego poderá optar pola programación dun segundo grupo se as condicións o permiten.

A realización do Ciclo Inicial, queda supeditada a autorización de formación telemática por parte da Consellería de Educación, realizando da seguinte maneira a formación 70% telemática, 30% presencial.

1.2. Requisitos de acceso do alumnado:

- Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO) ou
- Ter máis 17 anos de idade e superar a proba de acceso que substitúe ao requisito do título de graduado en ESO, regulada pola Orde 1500/2009 do 3 de Abril.
- Superar as probas específicas de acceso.

1.3 Exencións:

- Poderán solicitar a exención da proba de acceso específica para as modalidades de baloncesto e balonmán as persoas que aleguen méritos deportivos, **así como aquelas que teñan experiencia profesional ou deportiva en calquera modalidade.**

Ademais, poderán estar exentas da proba de acceso específica para cada unha das modalidades de ensino deportivo implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia, quen poida demostrar con carácter xeral a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento nas condicións establecidas no Real Decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, para a modalidade deportiva correspondente, ou que poida demostrar a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade correspondente, segundo o establecido polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.

As condicións para solicitar a exención nas diferentes modalidades deportivas pódense consultar na seguinte ligazón do portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36604>

- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento nas condicións establecidas polo Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Atletismo.
- Deportistas que acrediten a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Atletismo, establecida polas comunidades autónomas de acordo segundo o seguinte regulamento.
- Deportistas que acrediten ter participado, polo menos unha vez, nun campionato de España absoluto, sub 23, sub 20 ou sub 18. Esta condición deberá ser acreditada pola Real Federación Española de Atletismo.

1.4. Persoas con discapacidade:

As persoas con algún tipo de discapacidade deberán manifestalo no momento da súa inscrición, presentando o certificado de minusvalía ou recoñecemento de discapacidade.

2. MATRICULACIÓN

2.1 Centros de inscrición y entrega de solicitudes

As solicitudes poden presentarse nas oficinas administrativas dos seguintes centros públicos adscritos:

- **IES As Barxas (Moaña, Pontevedra):** Centro principal de matrícula e exame onde se realiza a proba física.
- **IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo):** Centro autorizado excepcionalmente para tramitar e presentar solicitudes.

2.2 Prazo de formalización da matrícula

O prazo de solicitude para a proba específica de nivel intermedio está aberto desde o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG ata o **25 de xuño de 2026**, ambas as datas incluídas.

2.3 Documentación a entregar coa solicitude de inscrición

A solicitude de rexistro deberá ir acompañada da documentación pertinente, segundo corresponda, para comprobar a información achegada:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI), Número de Identidade de Estranxeiro (NIE) ou pasaporte do solicitante.
- b) Formulario de solicitude orixinal, segundo o modelo facilitado polo centro educativo.
- c) Xustificante do pago das taxas públicas segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se establecen as taxas públicas para os estudos conducentes á obtención de títulos oficiais en Música e Artes Escénicas, Idiomas, Deportes, Conservación e Restauración de Bens Culturais e estudos superiores en Deseño, agás que estean exentos do seu pago.
- d) No caso de desconto ou exención da taxa pública, documentación que o acredite.
- e) Expediente académico, acompañado do xustificante do pago da fianza para algún dos seguintes títulos: Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou Bacharelato (ou títulos declarados equivalentes para efectos académicos), Título de Técnico, Título de Técnico Superior ou Título Universitario.
- f) Certificado de superación da proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso ao ciclo de grao medio ou superior de ensinanzas deportivas.

- g) Certificado de aprobar a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou superior (sección común).
- h) Certificado de aprobar a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- i) Resolución da autoridade deportiva competente que acredite a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento.
- j) Documentación acreditativa da experiencia profesional ou deportiva.
- k) Para as titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse a declaración responsable de matrícula condicional, segundo o establecido pola Orde do 9 de xullo de 2018, pola que se regula o procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros en ensino non universitario.
- l) Certificado acreditativo do grao de discapacidade, emitido polo organismo autonómico ou estatal competente correspondente.

3.CALENDARIO E LUGAR DA PROBA ESPECÍFICA

- **Data:** 17 de Xullo de 2026
- **Hora:** as 10:00 horas
- **Lugar de realización probas:** Pista de atletismo A Xunqueira (Avenida Porta do Sol, s/n, Moaña)
- **Probas físicas a realizar:** <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/1556>

4.PUBLICACIÓN DE LISTAS E RECLAMACIÓN

- **Listaxe provisional** de candidatos admitidos/excluídos: **Publicarase o 26 de xuño de 2026.**
- **Prazo de presentación de recursos** contra as listaxes: **Do 29 ao 30 de xuño de 2026.**
- **Listaxe definitiva** de candidatos admitidos ao exame: **Publicarase o 1 de xullo de 2026.**
- **Resultados do exame:** As cualificacións provisionais publicaranse o 21 de xullo, cun prazo de recursos os días 22 e 23 de xullo e as **cualificacións definitivas o 24 de xullo de 2026** (segundo o calendario xeral do procedemento).
- **Matrícula:** Se se ofrece unha praza, o prazo de matrícula rematará o **31 de xullo de 2026.**

5.DESENVOLVEMENTO DO CURSO

O total da carga horaria do ciclo final de TDA é de 430 horas. A distribución horaria do curso é a seguinte:

- Proba RAE-ATAT 101 120h
- Bloque común: 60 horas
- Bloque específico presencial: 30 horas.
- Bloque específico telemática: 70 horas.
- Bloque de formación práctica: 150 horas.

6 .OUTRAS CONSIDERACIÓNS

As persoas matriculadas deberán cumprimentar o seguinte formulario <https://forms.gle/LrS3qGTKVvz6rAjR7> en aras de que o Centro de Ensino Atletismo Galego, en adiante CEAGA, poda comunicarlles os pasos a seguir en materia de formalización de matrícula. Recordase que a documentación da matrícula realizada nos centros autorizados da Xunta de Galicia, deberá enviarse por e.mail a ensino@atletismo.gal

Almudena Míguez Moreno
Secretaria Centro Ensinanzas Deportivas
(CAD) Atletismo Galego